

PROXECTO XORNADA ÚNICA

Curso 2023-2024



CEIP PLURILINGÜE SAN XOÁN DE BECERREÁ

Índice:

1.DATOS DO CENTRO	2
1.1.HORARIO ACTUAL DO CENTRO.....	3
1.1.COMEDOR	4
1.2.TRANSPORTE.....	4
2. INTRODUCCIÓN	5
3. REQUISITOS	5
4. OBXECTIVOS	5
4.1. OBXECTIVOS XERAIS	5
4.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS.....	6
5. PLAN DE FUNCIONAMENTO.....	7
5.1 HORARIO DO ALUMNADO	7
5.2 HORARIO DO PERSOAL DOCENTE.....	8
5.3 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS.....	8
5.4 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.....	9
6. COORDINACIÓN , SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO	9
7. CONCLUSIÓN.....	10

1. DATOS DO CENTRO

Tipo de centro: Colexio de titularidade pública.

Denominación oficial: C.E.I.P. PLURILINGÜE SAN XOÁN

Código do centro: 27000629

Enderezo: Rúa Castelo s/ n, Becerreá

Código Postal: 27640 LUGO

Teléfono: 982828162/63/64

N.I.F: Q7755078H

Correo electrónico: ceip.sanxoan@edu.xunta.es

Páxina Web: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceipsanxoan/>

Número de unidades: 3 unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación Primaria.

Número de alumnos escolarizados: 140.

Número de alumnos con dereito a transporte: 68

Número de alumnos usuarios de comedor: 132.

Censo de Familias: 120.

1.1. HORARIO ACTUAL DO CENTRO

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES	
10:00-11:00						10:00 – 10:50
11:00-12:00						10:50 – 11:40
12:00–12:30	RECREEO					11:40 – 12:10
12:30-13:25						12:10 – 12:55
13:25-14:20						12:55 – 13:30
14:20-15:30	COMEDOR					13:30 – 14:15
15:30-16:30						

Abarca as ensinanzas de Educación infantil e primaria. Este centro consta de servizo de comedor e de transporte.

1.1. COMEDOR

Este servizo é xestionado polo propio centro, cun total de 132 alumnos usuarios do servizo de comedor.

1.2. TRANSPORTE

Hai oito rutas de transporte escolar, xestionadas pola Consellería, que fan o servicio compartido co IES de Becerreá, e unha ruta polo núcleo de Becerreá xestionada polo Concello.

	Transporte	PARADAS
1	ED270501_01	OUSELLE, MOMTAÑA A. FONCOBA
2	ED270503_01	ANOVELLO - ESTACAS
3	ED270506_01	CADOALLA- CEREIXAL
4	ED270508_01	SAA- CARRETERA NAVIA- PARQUE EMPRESARIAL- VENTA -DÁRSENA
5	ED270518_01	AS CABANAS- COUSO - TUCENDE COTO
6	ED270519_01	FEIRAVELLA- EIXIBRÓN- ARROXO FERRAÑOL
7	ED270520_01	CASTELO- SAN PEDRO- LAGUA
8	ED270521_01	AVDA. QUIROGA-EULOGIO ROSÓN-CRUZUL-TORALLO
9	Empresa PIÑEIRO	TRANSPORTE DO CONCELLO

2. INTRODUCCIÓN

A Orde do 29 de maio de 2008 establece o procedemento para a implantación da xornada lectiva en sesión única de mañá ou mixta nas escolas de educación infantil, colexios de educación infantil e primaria, colexios rurais agrupados, centros públicos integrados, centros de educación especial e centros privados concertados. (DOG nº 109 do 6 de xuño de 2008).

En base a esta orde o Claustro de profesores do CEIP Plurilingüe San Xoán decide facer a solicitude de xornada continuada, sabedor de que moitas familias manifestaron o desexo dun cambio de horario. Polo que decidimos elaborar o presente Proxecto Didáctico-Pedagóxico coas aportacións dos distintos sectores da comunidade educativa.

3. REQUISITOS

- Acordo do Consello Escolar, por maioría superior aos tres quintos dos seus membros.
- Acordo do Claustro de profesoras e profesores por maioría superior aos tres quintos dos seus membros.
- Informe favorable do Servizo de Transportes da delegación provincial.
- Acordo favorable do 58 % do total do censo das nais, pais ou titores legais do alumnado. Para os efectos de establecer o total do censo, computaranse a nai ou o pai ou un dos titores legais do alumnado da etapa en que se pretende cambiar a xornada.
- Plan específico de actividades extraescolares.

4. OBXECTIVOS

4.1. OBXECTIVOS XERAIS

- Ofertar ao alumnado unha xornada escolar que favoreza a mellora na calidade do ensino e a súa formación integral, optimizando os períodos de maior nivel de atención, motivación e por tanto rendemento para a formación escolar e persoal, e permitíndolles dispor de tempo para outras actividades extraescolares

igualmente importantes e necesarias, favorecendo a conciliación da vida familiar, escolar e laboral.

- Mellorar a calidade de vida dos distintos sectores da comunidade educativa.
- Favorecer a estabilidade do profesorado no centro asegurando a continuidade de proxectos como o Plan EDIXGAL, Robótica, grupos de traballo (PFPP), Plans Proxecta, Plurilingüismo... e calquera outro proxecto que requira continuidade para o seu desenvolvemento.
- Garantir unha xestión estable, a longo prazo, do centro educativo.
- Potenciar ao máximo as aprendizaxes e a adquisición das competencias básicas dos nosos alumnos e alumnas, así como a formación permanente de todo o equipo docente.

4.2 OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- Aumentar o rendemento académico do alumnado, xa que pola mañá é a etapa do día na que se atopan máis receptivos, cun maior nivel de atención e motivación, con maior capacidade de concentración e rendemento intelectual; eliminando un tempo de recreo que resulta excesivo, especialmente en días de choiva nos que a tensión e o cansazo acumúlanse.
- Posibilitar o estudo persoal do alumnado, segundo os criterios da psicoloxía evolutiva, facilitándolles o tempo necesario para a asimilación e interiorización do seu propio traballo.
- Facilitar a organización do tempo por parte das familias das alumnas e alumnos, e do profesorado, evitando as perdas deste derivadas dos desprazamentos sistemáticos ao Centro pola mañá e pola tarde, favorecendo o incremento da convivencia familiar.
- Posibilitar o descanso do alumnado máis pequeno despois de xantar.
- Aumentar o tempo dispoñible do alumnado para participar nas actividades de educación non formal ofertadas (clases de baile, deportes..., permitindo adiantar o inicio destas e facilitando que o alumnado dispoña de tempo suficiente para realizar a súas tarefas escolares.
- Optimizar a tarefa do profesorado nos períodos non lectivos, ao dispor dun tempo máis axeitado para planificar o seu traballo, asistir a reunións, cursos de

perfeccionamento, atender aos pais e nais,...repercutindo favorablemente na práctica docente e na elaboración de materiais.

- Aproveitar mellor todos os recursos e infraestruturas dos que dispón o centro.

En calquera caso garantirase:

1. As 5 sesións lectivas, xa que agás causas de forza maior, en ningún caso quedará reducido.
2. O funcionamento do servizos ofertados na actualidade: Comedor Escolar e Transporte Escolar.
3. O funcionamento do Centro coas xuntanzas de Equipos e Departamentos, así coma a atención a pais e nais.

5. PLAN DE FUNCIONAMENTO

5.1 HORARIO DO ALUMNADO

A xornada comeza coa chegada do transporte ás 9:15

A distribución horaria OBRIGATORIA-LECTIVA na sesión única será a seguinte:

XORNADA ÚNICA	
SESIÓNS	HORA
1ª	9:15 - 10:10
2ª	10:10 - 11:05
3ª	11:05 – 12:00
RECREEO	12:00– 12:30
4ª	12:30 – 13:25
5ª	13:25 – 14:15
COMEDOR	14:15 – 15:10
SAÍDA TRANSPORTE	15:10 (usuarios do transporte)
AAEE	15:10 – 17:00*

TRANSPORTE 15:10 h (só usuarios do transporte)

AAEE: 15.10-17:00 (* actividades voluntarias ofertadas para todo o alumnado).

5.2 HORARIO DO PERSOAL DOCENTE

O horario lectivo do profesorado de luns a venres sería de 09:05 – 14:15.

A garda de transporte de mañá comeza ás 9:05 coa chegada do transporte. A garda de tarde de transporte comezará ás 15:10 e farase por quendas establecidas, segundo a ratio marcada pola lexislación vixente.

O horario non lectivo: nos horarios do profesorado contemplaranse dúas horas fixas os luns para garantir a coordinación a través das reunións dos diversos equipos e as titorías dos pais e nais. Ademais estableceranse quendas de supervisión das actividades extraescolares.

Por tanto, todos os días, agás o venres, de 15:10 a 17:00, permanecerán no centro dous mestres que ostentarán a representación oficial do centro e exercerán de máximos responsables. Estableceranse as quendas correspondentes, así coma persoal de garda por se houberse algunha ausencia.

5.3 ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

Realizaranse as actividades complementarias habituais que se concretarán na Programación Xeral Anual do curso.

5.4 ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Fronte a posibilidade da instauración da xornada única para o vindeiro curso 23/24, dende a ANPA solicitaron orzamentos a varias empresas e, segundo o interese amosado polas familias que responderon a última enquisa, as actividades que se poderían ofertar serían as seguintes: xadrez, inglés, francés, música, predeporte, multideporte, patinaxe, tenis, debuxo/manualidades, técnicas de estudo, robótica, informática, teatro, lectoescritura e animación á lectura. Ditas actividades serán de pago e haberá oferta de grupos por ciclos ou capacidades.

As formacións de grupo mínimo terán que ser confirmadas ás empresas no mes de xuño para ter a opción de acordar días e horarios. Para tal fin, realizarase unha prescrición e o pago dunha matrícula para a reserva de praza.

Dende o centro ofertarase o servizo de biblioteca os martes, mércores e xoves a primeira h (15:15h) de forma gratuíta e cun aforo máximo de 20 alumnas ou alumnos.

Por outra banda, para as familias que o precisen, ofrecerase un servizo de "luditardes" e/ou "madrugadores" no caso de que houbera suficiente demanda. Ditos servizos complementarios, están solicitados de forma oficial ó concello para que sexan subvencionados e xestionados por eles, garantindo así, a accesibilidade universal e asumible a todas as familias do CEIP, sexan socias ou non da ANPA.

Finalmente, se esta última opción non fose aprobada, dende a ANPA intentarase optar ás subvencións públicas pertinentes para a financiación da meirande parte das actividades complementarias para poder ofertalas a un prezo asumible ás familias.

Non se poderá garantir ata a aprobación real da xornada única.

O horario habitual destas actividades será de 15:10 a 17:00 de luns a xoves.

Estas actividades serán de carácter voluntario e de interese para o alumnado do centro e non terán carácter discriminatorio.

6. COORDINACIÓN , SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN DO PROCESO

Segundo a lexislación vixente, de efectuarse un cambio de horario no noso centro, este non podería volver a modificarse durante 3 cursos consecutivos.

Durante este tempo, sería preciso levar a cabo un seguimento do proxecto a través de distintos instrumentos e procedementos de avaliación. Ao mesmo tempo converteranse

en mecanismos de control da súa eficacia e elementos necesarios para formular as propostas de mellora cara os seguintes cursos escolares.

O equipo directivo fará un seguimento deste proxecto, facendo as modificacións e melloras precisas para o seu correcto desenvolvemento.

Trimestralmente, a través do Consello Escolar, nas súas reunións ordinarias, recollerá as suxestións e aportacións de todos os sectores da Comunidade Educativa, xa que neste órgano colexiado atópanse representados todos os sectores da comunidade educativa. Ademais, se fose preciso, e ante calquera problema que poida xurdir faranse as reunións extraordinarias necesarias do Consello Escolar.

Na Memoria Anual, recolleranse as valoracións do proxecto, feitas polo Consello Escolar trimestralmente así como as propostas de mellora que, de habelas, deberán levarse a cabo no curso seguinte.

A avaliación final de curso permitirá coñecer a validez deste proxecto a través da análise de resultados e do grao de satisfacción de tódolos sectores.

Toda a información será recollida por escrito para o seu posterior estudo e interpretación polo Equipo Directivo, Claustro de Profesores e Consello Escolar, empregando os seguintes procedementos:

- Observación directa nas sesións de traballo.
- Análise obtido polos diferentes sectores da Comunidade Educativa.
- Recollida de opinións dos protagonistas mediante a autoanálise e as sesións de seguimento cos monitores e responsables das actividades extraescolares.

7. CONCLUSIÓN

Tendo en conta a situación actual, a xornada continua facilitaría que as familias que quixesen levar ao alumnado a comer á casa, puidesen facelo sen ter que facer varias viaxes. A xornada continua ofrece aos alumnos/as e ás familias os mesmos servizos que a xornada partida e incluso máis, xa que a oferta de actividades neste tipo de xornada é maior e máis variada, o que complementa a formación do noso alumnado.

A escola ofrece deste xeito unha formación integral, que non remata no horario académico, senón que continúa en horario extraescolar con actividades que contribúen a completar dita formación.

Co modelo do noso proxecto educativo de xornada continúa podemos afirmar que este horario non supón unha fatiga escolar nin unha baixada no rendemento dos alumnos/as, xa que a distribución das áreas é axeitada e os descansos tanto en Educación Infantil como en Educación Primaria están ben distribuídos. Impártense as clases no horario de máximo rendemento do alumno/a, cando a súa capacidade de aprendizaxe é maior.

Contamos coas experiencias en outros centros educativos, que neste curso escolar e en anos anteriores, tiveron este tipo de xornada, e foron positivas. Somos conscientes de que modificar o horario non vai ser a panacea para poder resolver todos os problemas educativos existentes, pero no noso ánimo está mellorar a situación do noso centro.